



XII TROFEO NADAL

1ª LIGA DE MINIESGRIMA + 2º RANKING GALEGO DE SABRE 22/23

17 DECEMBRO 2022 – PONTEVEDRA

1.-ORGANIZADOR:



2.-INSCRIPCIÓN NO TORNEO:

A inscrición previa é requisito imprescindible para poder participar.

Prazo de inscrición: Dende o xoves 17 de novembro ata o xoves 8 de decembro de 2022 ás 20:00h.

Modo de inscrición: Enviando un e-mail á F.G.E. (inscripciones@fgesgrima.org) cos datos d@s tiradores/as (nome completo, club e categoría) e o ingreso do importe das inscricións (5 € por tirador) nas categorías M-17 e Absoluta e da arbitrase (10 € por tirador) se fora preciso, segundo a normativa vixente da F.G.E.

O importe total recadado coas inscricións deste torneo donarase á ONG OPEN ARMS.



3.- LUGAR DE CELEBRACIÓN:

O torneo celebrarase na SALA DE ESCRIMA X11, situada na rúa Luís Braille Nº 40, en PONTEVEDRA.

A cancela exterior de acceso ao recinto estará aberta durante a celebración do torneo e poderán estacionar vehículos nas prazas habilitadas no interior do recinto.

A instalación abrirá as súas portas 30 minutos antes da chamada de cada proba.

4.- HORARIOS E CATEGORÍAS:

DATA	CATEGORÍA	ARMA	CHAMADA	SCRATCH	INICIO
SÁBADO 17/12/22	M-11 / M-13 M-17	SABRE MIXTO SABRE MIXTO	09:30 H.	09:45 H.	10:00 H.
SÁBADO 17/12/22	ABSOLUTA	SABRE FEMININO	11:45 H.	12:00 H.	12:15 H.
SÁBADO 17/12/22	ABSOLUTA	SABRE MASCULINO	13:30 H.	13:45 H.	14:00 H.

5.- MEDIDAS HIXIÉNICAS:

Non haberá máis limitación de aforo que as das propias bancadas habilitadas para público e acompañantes (50 persoas).

6.- PROTOCOLO DE ACCESO Á INSTALACIÓN:

Haberá unha zona delimitada para depositar as sacas e o material de esgrima.

As persoas acompañantes teñen prohibido o acceso á zona de pistas e unicamente poderán permanecer no interior da instalación na zona das bancadas do primeiro andar.

